



INFORMACIÓN TIC PARA PAIS E NAIS DO IES MANUEL GARCÍA BARROS

A Coordinación TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) do IES Manuel García Barros quere informalo do seguinte:

- Está a disposición dos pais, nais e responsables legais do alumnado a aplicación para smartphones “**Abalar Móbil**”. A partir dela poderán acceder, entre outros, aos seguintes servizos básicos relacionados co alumno/a:
 - Faltas de asistencia.
 - Cualificacións académicas.
 - Solicitude de cita co titor/titora do alumno/a.
 - Mensaxes informativas por parte do profesorado, titor e equipo directivo.
- Para instalar no seu teléfono a citada aplicación deberá empregar o enderezo seguinte:

Smartphone Android

[http://play.google.com/store/apps/details?
id=es.xunta.edu.abalarmobil](http://play.google.com/store/apps/details?id=es.xunta.edu.abalarmobil)



Smartphone Iphone

<http://itunes.apple.com/es/app/abalarmobil/id660608502>



- Información complementaria:
 - Guía sobre o manexo da aplicación Abalar-Mobil:
http://abalar.iesgarcia Barros.org/documentos/guia_abalar_mobil.pdf
 - Guía de navegación segura para pais e nais:
<http://abalar.iesgarcia Barros.org/documentos/guia-navegacion-pais-nais.pdf>

A coordinación TIC do IES Manuel García Barros

A Estrada, xuño de 2021

INFORMACIÓN CONTAS G SUITE PARA CENTROS EDUCATIVOS

Dende o esforzo que no IES Manuel García Barros estamos realizando pola incorporación das TIC (Tecnoloxías de Información e da Comunicación) ao ensino, aproveitamos para informalo ou recordarlle que utilizamos G Suite para Centros Educativos. G Suite para Centros Educativos son o conxunto de ferramentas de produtividade educativa de Google (Gmail, Calendar, Documentos, Classroom, etc.) que utilizan dez millóns de alumnos e profesores de todo o mundo. No IES Manuel García Barros os alumnos utilizan as súas contas de G Suite para completar as tarefas, comunicarse cos seus profesores e aprender as destrezas dixitais do século XXI.

En correspondencia co anterior solicitamos o consentimento para poder dar de alta ou seguir proporcionando e xestionando unha conta de G Suite para Centros Educativos para o seu fillo/a, polo que lle pedimos que cumprimente e entregue asinada a presente folia:

D./na. _____ con NIF _____ como pai, nai ou representante legal do/a alumno/a _____ do curso _____, autorizo a que o IES Manuel García Barros proporcione e xestione unha conta de usuario de G Suite para o meu fillo/a, conta que leva asociados unha serie de servizos principais e adicionais que se empregarán sempre con fins exclusivamente educativos, o cal fago extensivo a todo o período de escolaridade do meu fillo/a no IES Manuel García Barros. Co anterior tamén aceptamos expresa e conscientemente que os datos derivados de dita conta de G Suite para Centros Educativos poden ser transferidos internacionalmente aos países onde se atopan os servidores de Google Inc. e que poden non ter un nivel de protección xurídica de datos persoais equiparable a España nin tampouco posuír garantías axeitadas para o seu tratamento. Así mesmo recoñecemos estar informados da posibilidade de revogación desta autorización en calquera momento comunicándoo ao centro.

A Estrada, ____ de _____ de _____.

Asdo.: _____

Asdo.: _____

(Representante legal do/a alumno/a)

(O/a alumno/a)

NOTA: debe asinar sempre o alumno/a e, de ser menor de 14 anos, tamén o pai, nai ou representante legal.